

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

*Orde do 14 de febreiro de 2008 pola que se fixa o prezo de venda ao público da publicación: atención sanitaria y nuevas necesidades poblacionales: inmigración y demanda.*

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 51 sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo de informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, e publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandato e despois de emitido informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, esta consellería

**DISPÓN:**

Artigo único.

1.-Queda aprobado o prezo de venda ao público da publicación editada pola fundación pública Escola Galega de Administración Sanitaria e que se relaciona no anexo.

2.- Este prezo entenderase, de ser o caso, con IVE incluído.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2008.

Mª José Rubio Vidal  
Conseleira de Sanidade

**ANEXO**

*Atención sanitaria y nuevas necesidades poblacionales: inmigración y demanda: 6,50 €.*

**CONSELLERÍA DE TRABALLO**

*Corrección de erros.-Resolución do 9 de xaneiro de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo para o sector de Pompas Fúnebres de Galicia.*

Advertido erro na devandita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia*, número 37, do 21 de febreiro de 2008, é preciso facer a seguinte corrección:

Na páxina 2.875, onde di: «e pola parte social, por UGT e CC.OO.», debe dicir: «e pola parte social, por UGT».

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

*Resolución do 6 de marzo de 2008, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se aproban e se fan públicas as relacións provisionais de admitidos e excluídos ao proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de administración da Xunta de Galicia, grupo A.*

De conformidade co establecido no artigo 12 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e na base I.4 das que rexen o proceso selectivo convocado pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 28 de decembro de 2007 (DOG nº 7, do 10 de xaneiro de 2008), esta dirección xeral

**RESOLVE:**

Aprobar as listaxes provisionais de admitidos e excluídos no proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de administración da Xunta de Galicia, grupo A.

A listaxe de aspirantes admitidos poderase consultar a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia ([www.xunta.es](http://www.xunta.es)) e estará exposta nos taboleiros de anuncios da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nos das súas delegacións provinciais, no Servizo de Información Administrativa e Atención ao Cidadán en Santiago de Compostela, no Servizo de Información dos edificios administrativos da Xunta de Galicia en Vigo e Ferrol e nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia.

A listaxe de aspirantes excluídos, con indicación da causa determinante da súa exclusión, figura como anexo a esta resolución.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para emendar o defecto que motivou a exclusión.

Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden os defectos que motivaron a súa exclusión serán definitivamente excluídos.

Así mesmo, os aspirantes que non figuren na relación de admitidos nin na de excluídos disporán do mesmo prazo co obxecto de formular reclamación.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2008.

Mª Mar Rodríguez Fernández  
Directora xeral da Función Pública